



Bo día rapaces e rapazas!! Como vos botaba de menos! Pasaron tantos meses sen ir ao cole que seguro que estades con nervios e ilusión por volver a atoparvos coas vosas mestras e mestres e ver de novo a todos os compañeiros e compañeiras.

Este ano vai ser unha volta ao cole diferente, onde imos ter que coidarnos un chisco máis e por iso na clase teredes novas rutinas. Algúns tamén teredes que levar máscara, coma min, pero seguro que xa tedes costume de antes de entrar ao cole e senón xa veredes como enseguida vos adaptades.

Pola miña parte, eu estou desexando compartir este novo curso con vós, e seguir aprendendo no Reino das Emocións. Haberá novidades, como máis actividades e tamén unha pequena sorpresa que está preparando o noso amigo Quirón... que será? Espero poder contárvola pronto!

Unha grande aperta, vémonos na clase!

DRACO